

PLAN ESTATAL DE RECUPERACIÓN DE SOLOS CONTAMINADOS

Negociado pola Xunta, presenta unha clara discriminación para Galiza

O 17 de febreiro de 1995 o Consello de Ministros aprobou o texto do "Plan Nacional de Recuperación de Solos Contaminados", de aplicación no período 1995-2000 e de incidencia até o 2005. O plan presenta un **inventário de solos contaminados** así como de actividades potencialmente contaminantes, define as actuacións a levar a cabo sobre algúns dos espazos contaminados, e estima a necesidade de recursos económicos e a súa distribución entre as diferentes comunidades autónomas. Valorado positivamente por certos sectores do ecoloxismo estatal, foi elaborado en estricto secretismo, e aínda

hoxe non hai acceso libre á información do inventário de solos contaminados, máis aló das cifras globais que presentamos aquí.

O inventário recolle un total de 18142 actividades contaminantes (ver Cadro), das que 860 corresponden ao noso país, o que supón un 4.74% do total. Entre as conclusións recollen-se as seguintes:

- 1) A práctica totalidade dos emprazamentos non cumpren as exixencias legais.
- 2) A maioría dos emprazamentos contaminados (27%) están situados próximos a cascos

urbanos ou dentro deles, a menos de 100 metros, e tan só unha pequena parte (17%) se sitúa a máis de 2 km, a pesar de ser esta a distancia fixada para a ubicación de actividades relacionadas no RAMINP de 1961 (Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas). Porén, unha parte significativa (21%) afecta a espazos non urbanizábeis protexidos.

- 3) Nestes espazos contaminados da-se un elevado risco de **contaminación de augas subterráneas** (60% dos emprazamentos), por sistuar-se en terreos de permeabilidade media ou alta, afectando tamén ás augas superficiais.
- 4) Os **contaminantes** maioritarios son os seguintes: metais pesados, aceites minerais, hidrocarburos (particularmente os aromáticos BTEX e fenoles), e algunhas substancias moi tóxicas como o HCH, DDT, PCBs, arsénico e mercurio.

A financiación das labores de recuperación, que atinxe a cifra total de **132.000 millóns de pesetas** até o ano 2005, procederá nun 50%



da Secretaria de Estado para o Meio Ambiente e Vivenda do MOPTMA (de fondos propios ou via Fondo de Coesión da UE), correspondendo o resto ás comunidades autónomas, que poderán obter ingresos da recalificación e revalorización dos terreos ou de accións contra os responsábeis da contaminación.

Os datos presentados no Cadro poñen de manifesto o maior índice de contaminación no noso país, debido en parte á **permisividade das administracións galegas** (se temos só o 4,74% das actividades industriais potencialmente contaminantes, atinximos, por contra, o 11.56% dos espazos efectivamente contaminados). Revela asimesmo a falta de interese da Xunta en atallar a situación, habida conta de que o plan foi negociado entre o Ministerio e o goberno de cada Comunidade Autónoma. Este desinterese manifesta-se nas propias cifras do Plan: fronte a un índice de contaminación do 11.56%, a porcentaxe de espazos caracterizados reduce-se ao 7.63%, as actuacións de alta prioridade ao 6.56% e as de prioridade média ao 3.56%, sempre en relación ao conxunto do Estado.

CADRO			
CONCEPTO	ESTADO ESPAÑOL	GALIZA	% GALIZA/ESTADO
Actividades industriais potencialmente contaminantes (nº)	18142	860	4.74
Emprazamentos contaminados (nº)	4532	524	11.56
Emprazamentos caracterizados (nº)	249	19	7.63
Prioridade de actuación (nº de emprazamentos):			
- Alta (corto prazo)	61	4	6.56
- Médio prazo	85	3	3.53
- Vixiância	128	12	9.38
Financiación da Secretaria de Estado, Medio Ambiente e Vivenda (50% do total, en Millóns de ptas.):			
- Período 1995-2000	18840	930	4.94
- Período 1995-2005	66440	1780	2.68

Na Galiza, as actuacións sobre a maior parte dos espazos contaminados fican en medidas de **observación**. Pero aínda máis significativos son os índices de inversións: este é do 4.94% no primeiro quinquenio do Plan, e só do 2.68% no período global. As inversións por espazo resultan unhas 4-5 veces inferiores na Galiza sobre a media estatal. Este podería non ser un factor significativo, se non fose por

feitos como que entre os espazos contaminados de actuación prioritaria non se encontre un tan óbvio como a **Ria de Pontevedra** e varias zonas próximas aos emplazamentos de Ence e Elnosa. Algúnhas zonas desta área presentan concentracións de mercurio superiores aos 10.000 ppm, e unha forte incidencia de organoclorados e dioxinas.

